

Ética e política en Aristóteles

1. TEORÍA DA ALMA

1.1.- As partes da alma

Os seres animados distínguense dos inanimados porque teñen un principio que lles dá vida e ese principio é a alma. Pero que é a alma? Aristóteles non acepta a teoría da alma platónica e explicaraa a partires da súa teoría **hilemórfica** da realidade segundo a cal todas as cousas son compostos de materia e forma. A alma aristotélica, principio de vida, pode ser de tres tipos que se relacionan como círculos concéntricos.

a) Alma vexetativa. Regula as funcións máis elementais da vida; rexe os procesos de nutrición, reprodución e desenvolvemento. Mediante a noción de alma Aristóteles supera as explicacións sobre os procesos vitais. O mundo vexetal só posúe este tipo de alma.

b) Alma sensible cuxas funcións son: carácter, sensibilidade, sensacións. Os animais posúen esta e a anterior.

c) Alma intelectual ou racional . No SH existe un intelecto paciente e un axente que son os encargados do coñecemento. O intelecto axente sempre é superior ao paciente. Aristóteles afirma expresamente que este intelecto axente está na alma, contra interpretacións posteriores que o identificarán con Deus. Aínda que o intelecto axente vén de fóra e é externo, a capacidade de xerar coñecemento permanece toda a vida na alma do SH. Isto significa que a alma é irreductible ao corpo pola súa propia natureza transcende o sensible. Significa logo, que en nós hai unha dimensión meta-empírica, suprafísica, espiritual ou transcendente. Aínda que o intelecto axente non é Deus, reflicte trazos do divino. O SH é a única especie que posúe este tipo de alma, máis as dúas anteriores.

2.- ÉTICA

Na sistematización do coñecemento que fai Aristóteles, despois das ciencias teóricas aparecen as ciencias prácticas, que se refiren ao comportamento dos individuos e ao fin que pretenden acadar, xa sexa como persoas ou como membros dunha sociedade política. O estudo da conduta ou propósito do home denominoulle ética.

2.1.- O fin supremo: a felicidade

Todas as accións humanas tenden a fins, que constitúen bens. Pero todos estes bens son fases intermedias. O fin último que todos os SH anelan e ao que tende o conxunto das súas accións, é a **felicidade**. As éticas que teñen como fin último a procura da felicidade denomínanse **éticas eudemonistas**. A seguinte pregunta é: *en que consiste a felicidade?* Moitas e dispares foran as respostas dos pensadores gregos; **para Aristóteles a felicidade consiste en perfeccionarse como SH**, é dicir, en ser o máis perfecto posible nas actividades que distinguen ao SH de todas as outras especies. Non pode, polo tanto, ser unha cuestión de experimentar simplemente pracer ou alegría, nin a acumulación de honores ou riqueza porque tales elementos non se refiren á natureza

específica do home. Non pode consistir nunha vida sinxela e solitaria porque isa ata a viven os seres vexetativos, nin nunha vida sensible porque a comparten cos animais. Polo tanto, só queda a actividade da razón. Esta é a actividade que o SH debe cultivar se quere ser feliz.

2.2.- As virtudes éticas como xusto medio ou centro entre extremos

O SH é principalmente razón, pero non só razón. Hai algo na alma que é alleo á razón e que se lle opón. O control desta parte da alma e a súa submisión aos ditados da razón, é a virtude. Esta virtude adquirese mediante a repetición dunha serie de actos sucesivos ata convertelos en **hábito**.

Os impulsos, paixóns e sentimentos tenden ao exceso ou ao defecto. Cando intervéñ a razón, debe indicar cal é a medida correcta, o camiño medio entre dous excesos. Pero este “medio” non é un medio aritmético senón algo que hai que descubrir en cada situación e que se aprende a través da repetición (**a virtude apréndese**). Aristóteles ofrece unha especie de síntese de todas as teorías éticas gregas que consideran que **a moderación é o camiño da perfección** (nos poetas gnómicos, nos Sete Sabios, nos pitagórico e no mesmo Platón). Entre todas as virtudes éticas Aristóteles destaca a **xustiza**, que consiste na medida xusta segundo a cal se distribúen os bens, as vantaxes, os beneficios e os seus contrarios entre os individuos.

2.3. As virtudes dianoéticas e a perfecta felicidade

Aristóteles chama á perfección da alma racional como tal "**virtude dianoética**". A alma racional ten dous aspectos, dependendo de se está dirixida ás cousas cambiantes da vida do home ou ás realidades inmutables e necesarias, as verdades e principios supremos. En consecuencia, as virtudes dianoéticas serán fundamentalmente dúas: **prudencia** (*frónese*) e **sabedoría** (*sophia*). **A prudencia** consiste en dirixir ben a vida do home, é dicir, deliberar correctamente sobre o que é bo ou malo para el. **A sabedoría**, en cambio, é o coñecemento das realidades que están por riba do SH: a metafísica (a actividade de Deus será a actividade humana que lle resulte máis afín e por tanto a que lle produza maior felicidade; para os deuses toda a vida é benaventurada, mentres que para os homes só o é na medida en que lles corresponde algunha semellanza con aquel tipo de actividade. Consecuentemente, no grado no que haxa contemplación haberá felicidade).

2.4. O acto moral

Aristóteles intentou superar o intelectualismo moral socrático e platónico. Desde o seu realismo, entendeu que unha cousa é coñecer o ben e outra moi distinta practicalo. A súa ética é moito máis moderna e inclúe o **acto da elección** (*prohairesis*), vinculándoo estreitamente co de **deliberación**.

Mediante a deliberación establecemos os medios que hai que poñer en práctica para acadar un fin. A elección só se refire aos medios, non aos fins; polo tanto, fainos responsables dos nosos actos, pero non necesariamente fainos bos ou malos. Ser bo depende dos fins e para Aristóteles os fins non son obxecto de elección. Para ser bo hai que querer o verdadeiro ben, non o ben aparente, pero o verdadeiro ben só pode ser recoñecido polo home virtuoso, é dicir, o home bo. Como se pode ver, Aristóteles, intentando escapar do intelectualismo moral, da voltas sobre si mesmo sen rematar de resolver.

3.- POLÍTICA

Nunha actitude moi grega, Aristóteles pensa que o ben do individuo é da mesma natureza que o ben da cidade, e que só homes felices crean sociedades xustas e só nas sociedades xustas os homes poden ser felices. Con todo, o ben social é primeiro porque é máis fermoso e máis elaborado porque traspasa a dimensión do privado e chega ao social; os gregos eran especialmente sensibles ao ben do grupo xa que concibían ao individuo como un **animal social** incapaz de desenrolarse plenamente fora do grupo; concibían o individuo en termos da cidade e non a cidade en función do individuo: “O home que vive só ou é un deus ou é unha fera”.

Non obstante, Aristóteles non considera cidadáns a todos os que viven nunha cidade e sen os cales non podería sobrevivir. Son cidadáns os encargados de decidir o itinerario da polis; o resto viven na cidade pero non son cidadáns. Para ser cidadán debese participar na administración de asuntos públicos (debes ser parte resolutiva da polis).

3.1. O estado e as súas formas

Tamén nisto Aristóteles foi moito mais “moderno” que Platón. Nunca lle interesou escribir unha utopía política; estudou moitas constitucións existentes e sinalou defectos e fallos presentando solucións concretas. A organización social depende da estrutura que adopte un Estado. O Estado pode adoptar diversas formas, é dicir, pódese constituír de diferentes maneiras. A constitución é a estrutura do Estado ordena a cidade establecendo o funcionamento de todos os cargos e, sobre todo, o da autoridade soberana.

Tipos de gobernos:

	GOBERNOS XUSTOS governan de acordo ao ben común	GOBERNOS TIRANOS OU DEXENERACIÓNS governan en función do seu propio interese
GOBERNO EXERCIDO POR	GOBERNOS XUSTOS	GOBERNOS CORRUPTOS
Unha soa persoa	Monarquía	Tiranía
Unhas poucas persoas	Aristocracia	Oligarquía
A maioría de persoas	Politeia	Democracia

Aristóteles afirma que en abstracto a **monarquía** e a **aristocracia** son as mellores formas de goberno. Non obstante, na práctica, é mellor optar pola **politeia**, unha constitución de Estado que ten en conta á clase media. A **politeia** é practicamente un camiño medio entre a oligarquía e a democracia; poderíamos dicir que é unha democracia “temperada” (capada) mesturada con

oligarquía, que ten as virtudes desta última pero carece dos seus defectos. Aristóteles entende que a democracia favorece indebidamente os intereses dos máis pobres (porque son moitos máis) e sinala que, o erro desta forma demagóxica de goberno, consiste en afirmar que, dado que todos os individuos son iguais en liberdade, todos poden e deben ser iguais en todo os demais e supónlles as mesmas capacidades para o goberno, cousa absolutamente falsa para el.

3.2. O estado ideal

O propósito dun Estado é ser un “estado moral” e por iso é obvio que hai que propoñer o aumento dos bens da alma (aumento da virtude) por diante dos bens materiais. Os valores, a xustiza e a bondade da cidade ten a mesma forma que o que fai que a un cidadán particular chámesele xusto, prudente e sabio. Aristóteles volta o gran principio platónico da correspondencia entre o estado e a alma do cidadán singular.

Para Aristóteles a cidade máis perfecta debería ter a medida humana: nin moi poboada nin moi pouco. O territorio debería ter caracteres similares: o suficientemente grande para satisfacer as necesidades pero sen producir cousas superfluas. Os cidadáns deberían ter as características que os gregos valoraban: debían ser guerreiros na súa mocidade, logo converteranse en conselleiros e na vellez pasarán a ser sacerdotes. Deste xeito, empregárase na medida adecuada a forza que existe nos mozos e a prudencia característica dos anciáns.

Finalmente, dado que a felicidade da cidade depende da felicidade de cada un dos cidadáns, e xa ca felicidade do cidadán está en relación con o desenrola da alma (como xa explicamos), será necesario mediante unha educación axeitada, transformar a cada cidadán no máis virtuoso posible (comparte a idea platónica da necesidade de educación). O ideal supremo que o Estado debería fixarse é vivir en paz e facer cousas fermosas.